# Tataravoa

Fillas de Cassandra

Se do torreiro da festa
Eu fose sempre a primeira
En sacare a bailar aos mociños, mociñas
desta noite mesta.

Se debullase as espigas
coas uñas longas de gata
e da horta só apañase as espiñas
e a mala herba que me mata.

**A miña ( tatara tatara tatara tatara avoa estaría contenta ) x2**

**Ta ta ta ta tatara avoa estaría contenta**

**Ta ta ta ta se me escoita cantar.**

Se ao camiño da fonte
fose a algo máis que lavare
e na misa dos domingos
quedase sempre fóra pra repicare.

Se nos visen no palco
coa forza dun vendavale
non sei ben se chorarían
ouben subirían con nós a cantare..

**A miña ( tatara tatara tatara tatara avoa estaría contenta ) x2..**

Vou ao seu lado, cóllolle a man
cóntolle to' o que fixen no serán
non se alarma, non se asusta
ela viviu mil veráns (x4)

**A miña ( tatara tatara tatara tatara avoa estaría contenta ) x2..**